

PREGÓN DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2016

¡Boas noites, Compostela!

¡Boas noites, veciños e veciñas! ¡Benvidos e benvidas, xentes de fóra! ¡Boas noites a todos e todas!

Non sabedes as voltas que lle veño dando a este pregón. Desde que mo pediu o Martiño, o noso alcalde, dei conferencias dabondo polo mundo adiante, pero mentres falaba – ás veces en foros científicos moi esixentes– pensaba: mira que isto é doado pero, ¿que lles digo eu aos santiagueses e santiaguesas no pregón? Se esperan que lles diga algo divertido, algunha chanza, é que non me coñecen.

Preguntábame como transmitir á xente a emoción que sinto e a honra que para min supón estar aquí. E decidín facer como fago cando hai algo que me importa verdadeiramente: deixarme de rigores e falar co corazón...

E, falando co corazón, non podo menos que ter un recordo emocionado para as vítimas do accidente do Alvia (non haberá máis festas do Apóstolo sen pensar nelas), para as vítimas da absurda matanza de onte en Niza (que ían ver os fogos da súa cidade, coma nós) e para os que morren e sofren violencia a cotío neste mundo, que, como dicía a Mafalda do xenial Quino, ás veces quixeramos que parase para apeármonos del.

Queridos amigos e amigas, estou moi agradecido ao concello por esta oportunidade, e moi contento pois ao concello en pleno pareceulle axeitada a proposta do alcalde. Isto, caros concelleiros e concelleiras, é convite a xerar consensos, cousa para celebrarmos nos tempos que corren.

Estouvos inmensamente agradecido como compostelán adoptivo e como científico, profesor e médico.

O meu vencellamento a Compostela é coma o de tantos outros composteláns e compostelás. A miña primeira lembranza desta capital é de cando vin da miña querida Santa Comba natal aos nove anos, a examinarme de ingreso no Instituto que é hoxe o edificio da Xunta. Como os exames comezaban cedo, viña coa miña nai o día anterior á casa de nosa tía Sofía, que moraba no Preguntoiro. Eses recordos son tan vívidos que podería pintarvos case cada pedra da zona vella na impresión daquel día.

Así ocorreu varios anos porque os rapaces de Santa Comba tínhamos que vir examinarnos por libre a Santiago. Despois, cando xa fixera os catorce, meus pais mercaron un piso en República do Salvador e pasamos a vivir alí. Mercárono nese lugar con todos os seus aforros porque estaba preto do Colexio Peleteiro, onde fun estudar.

Daquela, o que agora é o centro de Santiago eran case as aforas; e enfronte da nosa casa había un solar onde xogábamos ás agachadas os rapaces e rapazas do Ensanche.

Os alumnos e alumnas de Peleteiro tiñan moita rivalidade cos de La Salle, pero eu tiña amigos tanto nun colexio como no outro, así como no instituto; e, de feito, os meus mellores amigos santiagueses estudaban en La Salle.

Estudei Medicina en Santiago e, logo dunha breve estancia en Suecia, desenvólvin aquí toda miña vida profesional e persoal. En Compostela namoreime da miña muller, Montse, nesta cidade lonxeva naceron os meus fillos Guille e Mar -eles son o meu soporte, a razón da miña vida-, e levo Compostela, a nosa Universidade e o noso país galego con orgullo polo mundo adiante, porque non hai cidades nin terras tan fermosas e acolledoras coma Santiago e Galicia.

Síntome moi honrado por terdes escollido de pregoeiro un médico e científico. Normalmente, escóllense artistas, deportistas, xente dos medios de comunicación. Ademais de que me encha de ledicia sentirme tan querido, penso que isto significa que a investigación vaise facendo popular e goza dun recoñecemento social que antes non tiña.

Isto danos folgos para traballarmos aínda máis, pois coido que é a investigación é motor do progreso e o apoio social é vital. Este xesto do concello compostelán é un primeiro paso para que gobernos e empresarios se decaten da importancia de investigar, descubrir e aplicar os descubrimentos. Semella un aceno amable cara aos nosos investigadores e investigadoras –hoxe con tantas dificultades–, moitos deles a mostraren o que valen polo mundo adiante. É unha maneira de dicirlles que aquí van ter oportunidades para desenvolveren os seus talentos.

Universidade, Medicina e Compostela son sinónimos. Compostela é universal, transcende as fronteiras. Aquí xurdiu a Escola Médica Compostelá, piar do desenvolvemento da investigación biomédica que facemos hoxe.

Permitídemme soñar esperto convosco. Axudademe a soñar unha Universidade na que a investigación teña o nivel que acadou noutras benqueridas e admiradas coma, por exemplo, as de Oxford e Cambridge, hoxe atribuladas pola falta de visión dalgúns que queren crear barreiras e facer diferenzas.

A Ciencia é un exercicio universal, que en todo o mundo pode ter espazos propios, que se nega a aceptar fronteiras. Mais, ao tempo, os científicos somos seres humanos, con querenzas; e os científicos levamos connosco tanta carga de morriña e saudade como leva calquera outro emigrante.

Queremos facer Ciencia aquí. Cómpre poñer entre todos–científicos ou non– os recursos necesarios para que cantos nos formamos en Galicia, e concretamente en Santiago, poidamos vivir onde nos pete e acaia, aínda que a Humanidade nos fiquen pequena de tanto viaxarmos e partillarmos coñecemento pola face da Terra.

E queremos recibir nas nosas aulas e nos nosos laboratorios unha procesión de científicos visitantes tan continua coma a dos peregrinos que rematan camiño neste maxestoso Obradoiro. Ben o merecemos: a nosa cidade ten sona mundial. Atraíamola a ela as mentes que fan progresar o mundo coa súa paixón por desvendar segredos e despegar incógnitas de todos os fenómenos...

En fin, vou rematando, meus caros veciños e veciñas, meus amigos e amigas de preto e de lonxe, de aquén e alén de cordilleiras, chairas e mares. Termino porque, se cadra, vos estou a dicir cousas que hoxe non cadrarían nun guión festexeiro.

É tempo de festa e ledicia, e pídvos que manteñamos o ánimo positivo que agora temos. As cousas boas atraen cousas boas. Como dicía a miña avoa xalleira, “os que abren os brazos reciben abrazos”. Que sexan estas festas un revulsivo no noso espírito e veñan tempos de apertas, de concordia, de solidariedade e benestar.

Abride os brazos e entregádevos aos abrazos. Non hai nada máis humano que apertarse. Composteláns e compostelás, forasteiros e forasteiras, gozade das festas e do meigallo de Compostela. Gozade da foliada, dos actos culturais, dos nosos fogos (para ver os cales cada compostelán e compostelá afirma coñecer o recuncho da cidade onde se ve mellor, pero ningún coincide).

Mozos e mozas: coidado cos amores destes días, que o feitizo de Compostela é tamén traizoeiro e logo veñen os desenganos. Pero antes de nada gozade, que estades na idade, que a vida son tres días, as noites curtas e hai horas dabondo para durmir cando loce o sol.

Gozade da música, como vou facer eu, empezando por hoxe. ¿Sabedes que son o fan número un de Deolinda, que éo meu grupo favorito? ¡Que honra serlle o teloneiro!

Coa miña aperta para todos, ¡longa vida a Compostela e a Ciencia!

No nome do concello, **¡BENVIDOS E BENVIDAS AS FESTAS DO APOSTOLO!**